

## CONVOCATORIA DE PRENSA

### PRIMEIRA ACTIVIDADE DO CICLO “FGA NAS AULAS” EN A CORUÑA

A Federación Galega de Automobilismo (FGA) dará comezo o próximo **luns 27 de marzo (12:00 horas)** ao seu programa de charlas coloquio “FGA nas Aulas” no CIFP Someso de A Coruña.

Esta actividade, **dirixida a estudantes da rama de automoción**, contará coa presenza de profesionais do automobilismo e pilotos, ademáis de persoal da FGA.

Os **invitados para esta primeira charla coloquio** serán:

Iván Ares (Piloto Supercampionato de España de Rallyes).

Luis Vilariño (Piloto Campionato Galego de Rallyes).

Iago Caamaño (Piloto Campionato Galego de Rallyes).

Marcos Gregores (Mecánico no equipo Hyundai no Campionato do Mundo de Rallyes).

José Antonio Martínez del Río (Xefe de Técnicos da Federación Galega de Automobilismo).

O propósito deste acto, na semana do Rallye A Coruña (primeira cita puntuable para o Campionato Galego de Rallyes), é **mostrarlle aos estudantes saídas profesionais dentro do mundo da competición**, así como aproximalos á competición a través das anécdotas e vivencias dos asistentes.

A **duración** da actividade será de aproximadamente **1:30 horas** e ao término da mesma haberá unha fotografía de familia dos invitados cos estudantes.

Tamén estarán **expostos tres vehículos de competición**, que os invitados levarán ata o centro educativo:

Hyundai I20 Rally 2 // Iván Ares.

Hyundai I20 R5 // Luis Vilariño.

Ford Fiesta R5 Evo II // Iago Caamaño.

**Lugar** : Centro Integrado de Formación Profesional Someso (A Coruña)

**Localización** : Lugar Someso, 6, 15008 (A Coruña)

**Día e hora**: Luns 27 de marzo ás 12:00 horas.